

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 16 DE FEBREIRO DE 2017

### **ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D<sup>a</sup>. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D<sup>a</sup>. María Begoña Balsa Alonso (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)

D<sup>a</sup>. Montserrat Rico López (ídem)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D<sup>a</sup>. María Carmen Insua Cabanas (ídem)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA)

D. Carlos Caaveiro Puentes (ídem)

D<sup>a</sup>. Cristina Bouza Bellón (BNG-Grupo Mixto)

D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo Mixto)

*Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as nove horas e oito minutos do día dezaseis de febreiro do ano dous mil dezasete, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez.*

*Asiste igualmente a Interventora desta entidade, D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup>. Prieto Martínez.*

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

### **1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

Xustifica someramente o Sr. Alcalde a urxencia da sesión na premura de prazos para a presentación de solicitudes do POS+ 2017 perante a Deputación Provincial da Coruña, na urxencia de adhesión ao convenio da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para a mellora do servizo da casa de acollida, así como na proximidade da data reflectida na moción presentada polo BNG, e a vinculación coa presente sesión da moción presentada polo PP. Ademais, no caso do POS+ 2017, retrasáronse involuntariamente os trámites debido a xestións practicadas coa Deputación relativas á amortización de débeda e aplicación de gastos correntes en relación coa regra de gasto.

O Sr. Caaveiro Puentes manifesta o seguinte: aínda que non tiñamos estes datos que agora se nos manifestan, si que temos que dicir que nos faltou documentación relativa ás obras xunto coa convocatoria, e tampouco se nos deu participación para facer propostas, nin aos grupos municipais, nin á cidadanía, a pesar de que o Plan está convocado e publicado pola Deputación dende decembro.

**VOTACIÓN:** De conformidade co previsto nos artigos 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 48 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico dos Entes Locais, o Pleno en votación ordinaria e por maioría absoluta procede á ratificación da urxencia da

sesión, con 11 votos a favor dos Sres./as. Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, PP, e GRUPO MIXO, e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros de MOVENEDA.

**2º.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2017”**

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte tenor literal:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2017”, “achega provincial 2016” e “préstamo provincial 2017”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>0,00 €</b>

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes que se destinará ós gastos de subministro e mantemento de iluminación pública e para os gastos de limpeza viaria	135.120,11 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>135.120,11 €</b>

**C ) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2017</b>	<b>Financiamento do investimento</b>
-------------------------------	--------------------------------------

<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
PAVIMENTADO CAMIÑOS EN VILADONELLE	50.000,00 €		50.000,00 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>	50.000,00 €		50.000,00 €

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
PAVIMENTADO CAMIÑOS EN RABADEÑA-SARTEGO-PUNTAL	113.920,01 €		113.920,01 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2016</b>	113.920,01 €		113.920,01 €

<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Préstamo Deputación</b>	<b>Achega Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
PAVIMENTADO CAMIÑOS MOURELA-ROXAL	104.260,39 €		104.260,39 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2017</b>	104.260,39 €		104.260,39 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos No POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:**

<b>Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)</b>	<b>Deputación</b>
<b>Subtotal redacción proxectos</b>	0,00 €

**E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0,0 €
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	0,0 €
<b>Subtotal achegas municipais</b>	0,0 €

**F) Redución de débeda con entidades financeiras:**

<b>Entidade financeira</b>	<b>Número/código do préstamo</b>	<b>Importe de “préstamo provincial 2017” aplicado á redución da débeda</b>
BBVA	0182-6244-895-45687761	18,203,62 €
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		18,203,62 €

**G ) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<b>Achega 2016</b>	0,0 €		0,0 €
	<b>Achega 2017</b>	0,0 €		0,0 €
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2017</b>	135.120,11 €		135.120,11 €
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2017</b>	50.000,00 €		50.000,00 €
	<b>Achega 2016</b>	113.920,01 €		113.920,01 €
	<b>Préstamo 2017</b>	104.260,39 €		104.260,39 €
<b>D- HONORARIOS REDACCIÓN</b>	<b>Achega 2017</b>			
<b>E- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	<b>Achega 2017</b>			
	<b>Achega 2016</b>			
<b>F- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2017</b>	18.203,62 €		18.203,62 €
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2017</b>	185.120,11 €		185.120,11 €
	<b>Achega 2016</b>	113.920,01 €		113.920,01 €
	<b>Préstamo 2017</b>	122.464,01 €		122.464,01 €
	<b>TOTAL</b>	421.504,13		421.504,13

		€		€
--	--	---	--	---

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
PAV. CAMIÑOS EN TRASMONTE -	69.462,37 €
PAV. CAMIÑOS EN O COTO - BAJADAS PASEO	30.000,99 €
PAV. CAMIÑOS BEIRA BELELLE Y BASTEIRO	34.848,91 €
PAV. CAMIÑOS EN TOELEIRA-EMPEDRON-PASEO	37.381,30 €
PAV. CAMIÑOS EN FONTEVELLA	35.430,70 €
PAV. CAMIÑOS EN OS PAZOS - A SILVA	48.175,64 €
PAV. CAMIÑOS EN CERDEIRAS-BARREIRAS	42.601,10 €
PAV. CAMIÑOS EN CASADELOS-VALLE INCLAN	48.705,14 €
<b>TOTAIS</b>	<b>346.606,15 €</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

**DEBATE:** Sr. Alcalde: agrupamos as obras por zonas para que as máquinas non teñan que ir de unha punta a outra do Concello. Ademais trátase dun POS dinámico porque vai haber máis aportacións da Deputación, así de momento xa sabemos informalmente que nos van asignar 70.000 euros mais, e estamos a espera do que se poida engadir por aplicación do superávit, se o autoriza o Estado.

Sr. Caaveiro Puentes: esperamos que para o vindeiro POS se nos teña máis en conta aos grupos municipais, e á cidadanía en xeral, xa que este ano o goberno municipal tivo tempo dende o 12 de decembro, e a pesar de elo non se nos deu participación, para poder aportar propostas.

Sr. Alcalde: incluímos todo o que poidemos, salvo aqueles camiños rurais que poden entrar en convocatorias de medio rural.

Sr. Cabezón Lorenzo: en canto ás rúas que van a estación de ferrocarril, hai problemas coa autorización de Patrimonio en relación co Camiño Inglés?

Sr. Alcalde: esas rúas se melloran con fondos propios, e xa contaban coa autorización de Patrimonio, tramitada co voso goberno municipal.

Sr. Pita Galego: votamos en falta que neste Plan tan ambicioso non se contemplen ningunha actuación en relación coa eliminación de barreiras arquitectónicas.

Sr. Alcalde: esas obras as acometeremos con fondos propios.

Sr. Pita Galego: pensamos que hai que facer un estudo serio.

Sr. Alcalde: serio xa é, se queredes aportar ideas.

Sr. Pita Galego: nós xa temos un dossier feito, así que cando queira o goberno municipal nos sentamos para abordar o tema.

**VOTACIÓN:** O Pleno en votación ordinaria e por maioría absoluta procede á aprobación da transcrita proposta da Alcaldía, con 11 votos a favor dos Sres./as. Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, PP, e GRUPO MIXO, e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros de MOVENEDA, quedando convertida en acordo nos seus propios termos.

### **3º.- APROBACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FERROL E A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL PARA A MELLORA DA CASA DE ACOLLIDA DE FERROL**

Vista a comunicación remitida pola Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, relativa a aprobación do convenio interadministrativo de colaboración entre o Concello de Ferrol e a propia Mancomunidade, para a mellora do servizo da casa de acollida de Ferrol, requirindo a cada un dos Concellos integrantes do ente supramunicipal para a aprobación do citado convenio.

Vista a documentación anexa á citada comunicación, na cal figura entre outros documentos e preceptivos informes: 1º.- O acordo do Concello Pleno de Ferrol aprobando o convenio referido, e reflectindo como antecedentes o servizo que presta a casa de acollida, o persoal con que conta, a necesaria ampliación do cadro de persoal, e a cofinanciación que resultaría precisa para a adecuada prestación deste servizo; 2º.- O texto do convenio suscrito, no cal establece un período de vixencia de catro anos dende a súa firma, e unha porcentaxe de financiación a cargo do Concello de Neda do 3,37%, que se traduce nas contías de 1.653,74 euros o primeiro ano, e 2.497,49 euros cada un dos sucesivos exercicios.

**VOTACIÓN:** A proposta da Alcaldía, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade, acorda.

**PRIMEIRO.-** Aprobar o “convenio interadministrativo de colaboración entre o Concello de Ferrol e a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol”, para a mellora do servizo da casa de acollida de Ferrol, nos termos que figuran na documentación remitida pola citada Mancomunidade e que figuran no expediente da súa razón.



SEGUNDO.- Comprometerse a incorporar crédito nas partidas dos correspondentes exercicios presupostarios para cumprir coas obrigas económicas derivadas do citado convenio.

#### **4º.- MOCIÓN DO BNG PARA PROMOVER O COÑECEMENTO DA OBRA E DO COMPROMISO COA LINGUA, COAS MULLERES E CO PAÍS DE ROSALÍA DE CASTRO**

A Concelleira do BNG, Sra. Bouza Bellón, defende a moción do seguinte tenor literal:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 24 de febreiro de 2017 cúmprense 180 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade. Temos a posibilidade de aproveitar este momento para exhibir o orgullo de quen somos, o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego e a valentía de describir as discriminación das mulleres e apostar por unha sociedade libre e igualitaria. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical, culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares e cos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o idioma galego, hoxe especialmente ameazado.

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa e universal da lingua e da literatura galegas. Ela iniciou o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora despouído. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o comezo da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda cunha obra, que desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente -en especial, das mulleres- e dunha lingua que merece continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos.

Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posíbeis para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresamos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, e, en definitiva, en que realizamos a nosa contribución á cultura universal.

Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega /AELG), propoñemos ao Pleno Municipal deste concello, tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, os seguintes acordos:

1. **Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, accións como as seguintes:**
  - a) **Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.**
  - b) **Visibilizar textos rosalianos a través de pancartas, graffitis, murais...**
  - c) **Desenvolver actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.**
2. **Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.**
3. **Solicitar da Xunta de Galiza mudanzas legislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.**

**DEBATE:** Sr. Cabezón Lorenzo: parécenos curiosa a moción, porque a anterior concelleira do BNG neste Concello, a quen sucedeu a Sra. Bouza Bellón, cando dende o PP plantexamos esta moción, dixo que Rosalía non tiña unha especial importancia respecto a outras escritoras. Creo que votou en contra, aínda que non o podo afirmar rotundamente porque a acta está encriptada como consecuencia do ataque informático.

Sra. Bouza Bellón: non vin aquela moción presentada polo PP, pero seguro que non ten o mesmo contido, xa que o día de Rosalía xa está declarado, e aquí o que se pide principalmente é a promoción da lingua e á activación de políticas lingüísticas neste eido, ademais da promoción da obra de Rosalía. Agora tamén aproveito para dicir que o PP en lugar de presentar mocións no Concello sobre Rosalía, podía adoptar decisións ao respecto dende o goberno da Xunta de Galicia.

Sr. Cabezón Lorenzo: non estou a falar da Xunta de Galicia, senón do Concello de Neda, e nós xa propusemos isto e o BNG se opuxo.

Sra. Bouza Bellón: propoñemos a promoción da lingua galega, lea vostede ben a moción.

Sr. Caaveiro Puentes: se plantexou fai un ano aproximadamente unha moción sobre Rosalía, e Moveneda se abstivo por falta de fondo, e o BNG a tachou de falta de sinceridade. En todo caso, temos que dicir que se asinou o 26 de xaneiro e se presenta por vía de urxencia, pero votaremos a favor dela, sobre todo polo punto 33 en defensa da lingua galega.

Sra. Bouza Bellón: a data non é o esencial, senón o contido da moción, e nós imos organizar actividades municipais para conmemorar o día de Rosalía.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á transcrita moción, que queda convertida en acordo.

### **5º.- MOCIÓN DO PP RELATIVA AO PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

O portavoz do PP, Sr. Cabezón Lorenzo, defende a moción do seguinte tenor literal:

**MOCIÓN PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA GARANTA QUE O CONCELLO DE NEDA RECIBIRÁ, COMO MÍNIMO, A TRAVÉS DO NOVO PLAN ÚNICO, OS MESMOS FONDOS QUE RECIBÍAN COAS LÍNEAS DE SUBVENCIÓN QUE EXISTÍAN CON ANTERIORIDADE**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pleno da Deputación da Coruña aprobou o pasado mes de novembro, cos votos a favor do Goberno provincial, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e co voto en contra do Partido Popular, o Plan Único dos Concellos dotado con 74 millóns de euros.

O novo programa unifica o Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións (en concreto suprimense as de cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).

Segundo o acordo plenario, o POS 2017 nutrirase dos 24,2 millóns que a Deputación achegaba cada ano ao tradicional Plan de Obras e Servizos, así como dos 8,3 millóns das liñas de axuda e dos 20 millóns do superávit que o organismo provincial prevé obter este ano e os 21,5 millóns que ata agora se dedicaban ao Plan de Aforro e Investimento.

Ademais, tendo en conta que o goberno provincial comprometeuse tamén a engadir, como mínimo, os 13 millóns de euros de remanente, co que igualaría a achega total dos plans do anterior goberno.

En consonancia con todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Neda propón á consideración do pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Que Deputación da Coruña garanta que o Concello de Neda, como mínimo, non verá reducidos os ingresos que percibiu o ano pasado a través do Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións: cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).

2. Que a institución provincial comprométase a incluír na partida orzamentaria coa que arranca o Plan Único dos Concellos os remanentes de tesourería que se vaian xerando ao longo do exercicio económico do 2017.

**DEBATE:** Sr. Alcalde: este Plan vai sentar precedentes na historia da Deputación, xa que simplifica trámites administrativos e ademais é dinámico, como xa dixen antes. Os plans dos anteriores anos non chegaban a 400.000 euros, e agora xa partimos de inicio de case 500.000 euros, e ademais as baixas de licitación se aplican a novas obras municipais.

Esta moción tiñamos que dirixila á Xunta de Galicia, que cada vez pon mais trabas e prazos incumplibles para a concesión de subvencións.

Sr. Pita Galego: nos estraña a urxencia da moción, que non entendemos.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta non aproba a moción transcrita, con 4 votos a favor da mesma dos Sres./as Concelleiros/as do PP, e 9 votos en contra dos Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as nove horas e coarenta minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral